

PROGRAMA ESCOLAR 2018/2019

ESO

BACHARELATO

CICLOS FORMATIVOS



Queridas amigas e queridos amigos,

Achegámosvos o programa deseñado para este curso 18/19, co que queremos convidarvos a vir coñecer, pasear e aprender neste Museo, o do Pobo, o cal cobra máis sentido coas vosas achegas e visitas.

Como non pode ser doutro xeito, este ano a nosa programación fará fincapé en **D. Antonio Fraguas**, persoa homenaxeada polas Letras Galegas no 2019. D. Antonio foi, entre tantas cousas, etnógrafo, recopilador, o primeiro director do Museo do Pobo Galego e, sobre todo, mestre. A súa labor docente pesou en toda a súa traxectoria e é por iso que desde o DEAC non podemos deixar de lembralo cunha serie de propostas didácticas centradas na súa figura.

Ademais, e como todos os anos, ofrecémosvos **actividades dirixidas polas educadoras** do Museo centradas nos diferentes ciclos educativas. Se o preferides, presentámosvos tamén a nosa oferta de **actividades autónomas**, aquelas elaboradas desde o Museo e dirixidas polo persoal docente dentro do espazo museístico. Como non, lembrarnos que podeades **visitarnos por libre** e contar co noso asesoramento se o precisades.

Para visitarnos tede en conta:

- **O prezo da entrada:** de balde para o alumnado menor de 18 anos e para o profesorado acompañante, que deberá ser o número marcado por lei e permanecer co grupo durante toda a actividade.
- **O prezo das actividades:** de balde ao seren dirixidas polo persoal docente (visita autónoma) ou ao vir por libre. 70 céntimos por alumno ou alumna ao seren dirixidas polo DEAC. Con alumnado maior de 18 anos: 20€ por grupo. De balde para os centros socios.
- **O horario do Museo:** de martes a sábado de 10h30 a 14h e de 16h a 19h30. Domingos de 11h a 14h.
- **O horario das actividades co DEAC:** de martes a venres de 10h30 a 14h. Algunhas das propostas terán un horario específico sinalado na información concreta da actividade.
- **As solicitudes e/ou información:** podeades chamar ao 981583620 (de martes a venres de 10h a 14h30) ou escribir en calquera momento a servizosdeac@museodopobo.gal
- **A reserva previa:** é necesario reservar a visita cunha antelación mínima de 15 días. O espazo museístico conta cun aforo limitado e para asegurar a circulación sen problemas en salas e na escaleira helicoidal, é necesaria a reserva previa en calquera das modalidades de visita que ofrecemos.

Educación e Acción Cultural
MUSEO DO POBO GALEGO
(0034)981583620
servizosdeac@museodopobo.gal

www.museodopobo.gal



Museo do Pobo Galego



@MuseodoPobo

ACTIVIDADES DIRIXIDAS POLO DEAC



Son aquelas nas que un ou unha educadora do DEAC dirixe presencialmente a actividade durante o desenvolvemento da mesma no Museo. Esta oferta divídese en actividades e/ou talleres a realizar en datas específicas ou as que se poden solicitar durante todo o curso. Ademais, neste ano Fraguas, todas as actividades dirixidas polo departamento contarán cunha introdución á figura do que foi o primeiro director desta institución. A atención no Museo do DEAC ten un custe de 0,70 ct. por alumno e alumna, agás para os centros socios que é gratuíta.

Ferramentas... con voz! Coa entrega descontextualizada dunha ferramenta de traballo e algúns elementos relacionados, o alumnado deberá deducir que oficio teñen entre mans e transmitirlo ao resto dos e das compañeiras, afondando na comunicación verbal ante un grande grupo. Tráballanse temas como tradición ou artesanía, as materias primas máis usadas, á vez que a comprensión, o aspecto lúdico e creativo da comunicación e a expresión verbal.

- Destinado a 1º da ESO.
- Participantes por sesión: máximo de 25.
- Temporalización: 60 minutos.
- Ofrécese de setembro a xuño con inscrición previa.

Botamos unha peza máis? Neste percorrido polo Museo trátanse as manifestación musicais galegas pasando polos seus usos, historia, adaptacións de ritmos e formas foráneas ate chegar a actualidade coa pervivenza, a fusión e adaptación á contemporaneidade. Falaremos sobre como a música estivo e está nas nosas vidas e, como non pode ser doutro xeito, escoitarémola durante toda a visita.

- Destinado a 2º e 3º da ESO.
- Participantes por sesión: máximo de 25.
- Temporalización: 90 minutos.
- Ofrécese de setembro a xuño con inscrición previa.

Regueifa para a igualdade. A regueifa é un modo de improvisación oral propio de Galicia no que dous grupos se retan dialecticamente. Introducendo conceptos como a ecoloxía, a defensa da lingua e, especialmente, a igualdade, traemos a regueifa ao século XXI procurando un discurso actualizado, que promova a igualdade e, á vez, xere unha dinámica socializadora para a lingua entre os mozos e as mozas.

Este obradoiro estará dirixido por Sara Marchena e Alba María, filólogas e regueifeiras do [Proxecto Regueifesta](#).

- Destinado a 3º e 4º da ESO e 1º de Bacharelato.
- Participantes por sesión: máximo de 25.
- Temporalización: 90 minutos.
- Hora de comezo: 11h30.
- Datas: martes 13 e 27 de Novembro; 11 e 18 de Decembro; 15 e 29 de Xaneiro; 12 e 26 de Febreiro; 12 e 26 de Marzo; 9 e 23 de Abril. Cubriranse por orde de recepción da solicitude.

Antonio Fraguas e o Museo do Pobo Galego. Visita a diferentes espazos do Museo que teñen especial vínculo coa figura de Antonio Fraguas. A través deste percorrido veremos parte do seu legado, coñeceremos detalles da súa biografía e o seu papel como primeiro director desta institución. Será da man de Clodio González, membro do padroado do MPG e discípulo de D. Antonio, tanto no campo da etnografía como no da docencia.

- Destinado a alumnado a partir de 3º da ESO.
- Participantes por sesión: máximo de 25.
- Temporalización: 60 minutos.
- Hora de comezo: 16h30.
- Datas: xoves 17 e 31 de Xaneiro; 14 e 28 de Febreiro; 14 e 28 de Marzo; 11 de Abril. Cubriranse por orde de recepción da solicitude.

Visitas comentadas. Itinerarios por salas do Museo desde a perspectiva da educación patrimonial, tentando achegar coñecementos concretos e actitudes de respecto, valoración e goce do patrimonio. Os itinerarios a escoller son **Sociedade, memoria e tradición** e **O conxunto histórico-artístico de Bonaval**.

- A partir de 3º da ESO.
- Participantes por sesión: máximo de 25.
- Temporalización: 60-80 minutos.
- Ofrécese de setembro a xuño con inscrición previa.

